

INFORME DE EXECUCIÓN DO PLAN FORTE-FFP 2024-2025


GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL (GMEI)

GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA (GMEP)

MESTRADO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E
BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE LINGUAS (MPES)

MESTRADO EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA (MDAEN)

Elaborado polas Coordinacións dos respectivos Títulos
coa colaboración da Responsable de Calidade do Centro



ÍNDICE

<u>1. LIMIAR</u>	3
<u>2. SECCIÓN 1: GRAOS</u>	5
<u>3. SECCIÓN 2: MESTRADOS</u>	32

1. LIMIAR

O Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Tutorización do Estudantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

- 1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.**
- 2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).**
- 3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).**
- 4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.**

Estas liñas de actuación concréntanse para os estudos de Grao e Mestrado impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e tutorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinaria e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

O presente informe expón as actividades levadas a cabo con relación ás diferentes liñas do Plan en todas as titulacións impartidas no centro. O Plan integra accións de mellora que se viñan realizando anualmente e que constaban nos Autoinformes de Seguimento dos respectivos Títulos elaborados polas Comisións de Título. O deseño do Plan propúxose como acción de mellora no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2019-2020 para desenvolver no curso seguinte (AM-01 2020-2021). O Plan FORTE-FFP foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na reunión celebrada o 30 de abril de 2021, executando dese xeito á devandita acción de mellora.

A integración no Plan FORTE das actividades de formación e orientación desenvolvidas nos Mestrados a partir do curso 2023-24 foi acordada na xuntanza da Comisión de Calidade do Centro celebrada o día 25 de maio de 2023, na que se deu o visto e prace ao desenvolvemento da [Fase II do Plan FORTE](#) (aprobada así mesmo en Xunta de Facultade o 6 de xuño de 2023). Dese xeito, o informe de execución do plan comprende no curso 23-24 actividades de Graos e Mestrados.

Neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento das actividades que conforman o Plan (por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción – de habelas, incidencias detectadas, etc.), os cales xustifican tanto a súa continuidade en vindeiros cursos como a organización de actividades similares. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades, que serán analizadas e valoradas pola Comisión de Calidade.

Polo que concirne aos Graos, todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

2. SECCIÓN 1: GRAOS

LIÑA 1: ACTIVIDADES

1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

Os contidos da xornada de acollida foron debatidos e reorganizados nunha sesión de traballo previa ao inicio do curso na que participaron o Vicedecano, a Vicedecana e as dúas coordinadoras dos títulos. A xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso celebrouse o luns día 9 de setembro de 2024 ás 12:30 no salón de actos, nunha sesión conxunta para a titulación do Grao en Mestre/a en Educación Primaria (GMEP) e o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria (DG), a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez, onde tamén asistiu a Sra. Decana da Facultade Carmen Sarceda Gorgoso e a coordinadora de ambas titulacións María Campos Magdaleno.

Neste acto, dunha hora aproximada de duración, informouse principalmente sobre o funcionamento da Facultade, a distribución dos espazos, o persoal, os horarios e agrupamentos, así como outras cuestións relativas á tarxeta universitaria, programa CompetenteS, etc. Por outra banda, facilitouse información sobre o funcionamento da Universidade, Facultade, plan de estudos, oferta académica, normativa, etc. a través de presentacións interactivas elaboradas dende o Vicedecanato en colaboración coas Coordinacións de Título. As presentacións (1), con información de carácter máis básico, puxéronse a disposición do estudantado na aula de coordinación do primeiro curso, e as presentacións (2), con información adicional sobre o título (mencións, mobilidade, normativa de interese, etc.) colgáronse na aula de coordinación do título (e da dobre titulación) para todo o alumnado do Grao. As ligazóns son as seguintes:

GMEP:

<https://view.genial.ly/6293a11c990fee0018ac2fa8/presentation-acollida1primaria>

<https://view.genial.ly/6293a1ef7c4a850018676104/presentation-acollida2primaria>

DG:

<https://view.genial.ly/6293a6a0adcbfc001829eab3/presentation-acollida1dobregao>

<https://view.genial.ly/6293a7d88793420011a890b3/presentation-acollida2dobregao>

Pola súa banda, axornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Mestre/a en Educación Infantil (GMEI) tivo lugar tamén o luns día 9 de setembro de 2024 ás 10:30, no salón de actos, a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez. Tamén estiveron presentes a Sra. Decana da Facultade Carmen Sarceda Gorgoso e a coordinadora da titulación, Alba M. Souto Seijo, así como as profesoras Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta M. Poncet Souto. Nesta xornada desenvóléronse contidos similares, e tamén se facilitou información adicional mediante as dúas presentacións interactivas que se puxeron a disposición do estudantado por medio da aula virtual da coordinación do primeiro curso e da aula virtual da coordinación do título. As ligazóns son as seguintes:

GMEI:

<https://view.genial.ly/6293a3187c4a850018676483/presentation-acollida1infantil>

<https://view.genial.ly/6293a3cfadcbfc001829e2e6/presentation-acollida2infantil>

As presentacións (1) incorporan ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos, que o alumnado de primeiro curso tiña que valorar nunha escala de 1 a 4 (1: nada satisfeito; 4: moi satisfeito). Informouse ao alumnado da necesidade de cubrir esta enquisa a través de mensaxes no Campus Virtual, e a profesora Alba María Souto Seijo cedeu uns minutos dunha sesión expositiva para que o alumnado puidese cubrir a enquisa na aula.

Os resultados detállanse a continuación:

RESULTADOS PRIMARIA

Rexistráronse un total de 36 respostas. O alumnado continúa a manifestarse en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferentes ítems, outorgando cualificacións superiores a 3 puntos sobre 4:

Contidos útiles: media 3,47 sobre 4 (curso anterior: 3,61)

Duración da sesión: media 3,5 sobre 4 (curso anterior: 3,37)

Estrutura da sesión: media 3,61 sobre 4 (curso anterior: 3,57)

A sesión de acollida foi positiva: media 3,78 sobre 4 (curso anterior: 3,75)

Á pregunta *“Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?”* rexistráronse 12 respostas, das cales 9 indicaban que todo foi axeitado e non botaron nada en falta. As outras tres solicitan maior detemento nas explicacións sobre o **uso do Campus Virtual**, aos **materiais necesarios** para empregar nas aulas, e os espazos dispoñibles e horarios.

Á pregunta *“Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?”* rexistráronse 8 respostas, todas indicando que **non eliminarían nada**.

RESULTADOS DOBRE GRAO

Rexistráronse 10 respostas (un número superior ás 13 respostas do curso anterior). O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito, malia que neste caso as puntuacións son en xeral lixeiramente inferiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,4 sobre 4 (curso anterior: 3,69)

Duración da sesión: 3,4 sobre 4 (curso anterior: 3,54)

Estrutura da sesión: 3,6 sobre 4 (curso anterior: 3,46)

A sesión foi positiva: 3,5 sobre 4 (curso anterior: 3,77)

pregunta *“Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?”* rexistráronse 2 respostas, unha solicitando información sobre **convalidacións**, e outra suxerindo un **percorrido** físico pola facultade.

Á pregunta *“Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?”* rexístrase 1 resposta indicando que **non eliminaría nada**.

RESULTADOS INFANTIL

Rexistráronse 52 respostas. O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferente ítems, e as puntuacións outorgadas son en xeral superiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,46 sobre 4 (3,36 no curso anterior)

Duración da sesión: 3,73 sobre 4 (3,33 no curso anterior)

Estrutura da sesión: 3,58 sobre 4 (3,41 no curso anterior)

A sesión foi positiva: 3,75 sobre 4 (3,56 no curso anterior)

Á pregunta *“Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?”* responderon 16 estudantes. En moitos casos sinálase que a información é suficiente, pero algunhas estudantes indican que lles gustaría recibir unha explicación máis detallada da páxina web e do correo electrónico.

Á pregunta *“Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?”* rexistráronse 15 respostas. O alumnado agradece a información recibida e indica que non eliminaría ningún contido.

En xeral os resultados das enquisas de ambas titulacións son moi positivos, con puntuacións numéricas similares ao curso pasado 23/24. Algunhas suxestións rexistradas son tamén similares ao curso anterior (por exemplo, realizar un percorrido físico pola facultade ou maior información sobre o uso do campus virtual), se ben non se valorou a súa posta en marcha por resultar inviable (a mobilización de varias decenas de alumnos e alumnas polas aulas da facultade que xa iniciaron a súa docencia) ou pouco práctica (a elevada carga de información da xornada non fai axeitado ampliar outros contidos). En resumo, os resultados apuntan a conveniencia de continuar realizando esta actividade en próximos cursos coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUCTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓNS CAMPUS TERRA

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas en orixe a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020).

As presentacións, que estaban orixinalmente dispoñibles na web do Campus Terra, trasladáronse á web da Facultade, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da FFP. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade. As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

Mestre/a Primaria: [Presentación Primaria](#)

Mestre/a Infantil: [Presentación Infantil](#)

Dobre Grao: [Presentación Dobre Grao](#)

1.3.SESIÓN INFORMATIVA MENCIÓNS (SEGUNDO CURSO)

Unha vez rematadas as clases do segundo semestre, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao informou ao alumnado o día 26 de maio mediante o foro de novas da aula de coordinación que xa estaba dispoñible nesa aula a información sobre asencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas. Así mesmo, o día 12 de maio informou pola mesma canle da celebración da sesión informativa sobre as mencións de Primaria, programada para o 3 de xuño ás 14:00h no Salón de Actos, enviándose dous recordatorios. Nesa sesión, o Vicedecano informou de xeito xeral sobre as mencións dispoñibles e a oferta de materias optativas, e solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. Contabilizáronse un total de 51 estudantes asistentes.

Proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo este tipo de actividades.

1.4.SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM: PRE-PRÁCTICUM (SEGUNDO E TERCEIRO CURSO)

A primeira sesión informativa pre-prácticum ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

A sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Infantil e Dobre Grao que pasa para terceiro tivo lugar o 7 de maio, de 10:30 a 12:00 horas, no salón de actos da Facultade. O alumnado foi informado da reunión e os procedementos para o seguinte curso (presentación informativa e documento para solicitude de prácticas en centros colaboradores temporais). De xeito similar, a sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Primaria celebrouse o 13 de maio, de 13:30 a 15:00 horas.

Na mesma liña, organízase unha segunda sesión para o alumnado de terceiro (e cuarto do Dobre Grao), e nela proporcióname información básica para afrontar o segundo Prácticum da titulación: datas e estruturación concreta do Prácticum II, particularidades deste prácticum en relación co Grao de Primaria (mencións), etc. No curso 2024-2025, esta sesión celebrouse tamén

presencialmente no salón de actos da Facultade. A sesión Pre-Prácticum II para o alumnado de terceiro curso do Grao de Infantil e cuarto curso do Dobre Grao tivo lugar o 14 de maio de 15:00 a 16:30 horas, e para o alumnado de terceiro do Grao de Primaria celebrouse o 13 de maio día de 10:30 a 12:00 horas.

No curso 2024-25 introduciuse unha acción formativa como parte da preparación do alumnado para as súas prácticas, consistente nun curso sobre primeiros auxilios pediátricos. Trátase dun curso de 5 horas de duración impartido pola entidade "Cruz Roja" no que se abordan de forma sinxela os contidos máis esenciais sobre Primeiros Auxilios destinados á atención de bebés e nenos. O que se pretende con esta formación recoñecida oficialmente é que as futuras mestras e mestres aprendan a previr accidentes; a aplicar procedementos e técnicas axeitadas en auto protección e soporte aos primeiros auxilios; e a identificar e resolver situacións de urxencia vital. Ofertáronse 150 prazas para o alumnado de 4º curso e 5º de Dobre Grao, e finalmente realizaron a formación 49 persoas.

As sesións pre-prácticum considéranse esenciais para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaron polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Non se recibiu resposta, e decidiuse contactar de novo para expoñer a problemática. Desde o Decanato volveuse contactar cos responsables do programa o 4 de abril de 2022, e nesta ocasión si se recibiu resposta, agradecendo as suxestións e emprazando aos responsables dos centros a unha reunión ao comezo do curso 22-23 para debater solucións. Porén, non foi posible levar a cabo esa reunión por problemas de axenda. Con todo, na convocatoria do curso 22-23 apreciáronse algúns cambios, xa que se recoñeceu a posibilidade de realizar actividades non presenciais, aínda que os horarios de formación seguen a ser pouco compatibles coas clases na Facultade e todo o programa continúa a extenderse en dous anos académicos, un deles unicamente para formación, limitando o alumnado que pode participar a segundo e terceiro curso.

No curso 23-24 non se rexistrou ningunha solicitude. A convocatoria do curso 24-25 anunciouse ao alumnado no mes de febreiro, non habendo ningún outro cambio nas condicións do programa, e recibíronse 3 solicitudes de alumnas, todas elas pertencentes ao Grao de Ed. Infantil.

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. A iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, e farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos e as solicitudes recibidas para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

1.6.SESIÓN INFORMATIVA SOBRE PROGRAMAS DE MOBILIDADE

No curso 24-25, para dar resposta ás demandas de información do alumnado e contribuír a aumentar a participación do mesmo en programas de mobilidade, desenvolveuse o 7 de outubro de 16 a 17:30h unha sesión informativa presencial a cargo da RAM (Responsable Académica de Mobilidade) do centro sobre os programas de mobilidade da USC aplicables á FFP (Erasmus+, SICUE, Convenio Bilateral, International Credit Mobility e Erasmus+ Prácticas).

Nesa sesión proporcionouse información xeral sobre os diferentes programas de mobilidade da USC (convocatorias, características, requisitos, prazas, etc.) nos que pode participar o alumnado da Facultade. Malia que a información é de especial interese para o alumnado de segundo e terceiro de Primaria e Infantil, e segundo, terceiro e cuarto do Dobre Grao, a sesión publicitouse a todos os cursos dos Graos, xa que no programa Erasmus+ Prácticas pode participar tamén alumnado dos últimos cursos antes de depositar o seu título. Por outra banda, é importante que o alumnado de primeiro estea familiarizado con estes programas, xa que os requisitos lingüísticos deben cumprirse nas datas nas que saen as convocatorias, e sendo os prazos en ocasións bastante axustados, é conveniente dispor de tempo suficiente para facer as probas de nivel ou obter os correspondentes certificados.

A presentación realizada na sesión púxose a disposición do alumnado proporcionando unha ligazón á mesma que se colgou nas aulas de coordinación dos títulos (Primaria, Infantil e Dobre Grao) no Campus Virtual.

Ligazón á presentación:

<https://view.genial.ly/649538cb57bfd40012547541/presentation-mobilidade-ffp-lugo>

A resposta do alumnado foi moi positiva, asistindo á sesión ao redor de 30 persoas. Unha vez rematada, solicitouse ao alumnado participante que cubrixe unha breve enquisa de satisfacción sobre os contidos, estrutura e duración da sesión, valorando os diferentes ítems nunha escala de 1 (nada satisfeito) a 4 (moi satisfeito). Un total de 31 persoas cubriron a enquisa, valorando os contidos cun 3,71 sobre 4, a duración con 3,65, e a estrutura con 3,77 (puntuacións similares ás da sesión impartida no curso anterior). Sobre os aspectos que engadirían, tres persoas solicitan máis información sobre bolsas e residencias (malia que esa información non é competencia do centro, que soamente se encarga de cuestións académicas), e ningunha persoa eliminaría ningún contido.

Tendo en conta os resultados obtidos, considérase pertinente continuar realizando esta actividade dentro do Plan FORTE.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

As coordinacións de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dende as coordinacións de título ou curso (Primaria, Infantil e Dobre Grao) difundíuse diversa información de interese para o alumnado a este respecto durante o curso 2024-25. Sintetízanse a continuación os datos recompilados.

No mes de novembro informouse das iniciativas acordadas desde a Comisión de xénero da facultade para conmemorar o 25N. Ademais da **lectura do Manifesto institucional do 25 de novembro, ás 12 h.** nas escaleiras de entrada da Facultade, desenvolvéronse as seguintes actividades:

- **Selección de fondos bibliográficos** coa axuda dos membros da nosa biblioteca que integran a CdX, para expoñer nos espazos e vitrinas do noso centro e/ou ofrecer información para o seu acceso e lectura.
- A "**caixa lila**": unha caixa de suxestións e de mensaxes de diverso tipo (a modo de "buzón") con carácter físico (colocarase unha caixa na Facultade) e dixital (código QR), para que toda a comunidade do noso centro poida deixar as mensaxes que precise á CdX para a mellora das nosas accións. Esta iniciativa nace coa intención de instaurarse con carácter permanente.
- **Solicitude do hall secundario da FFP** coa intención de que o profesorado que traballe este tema nas súas materias poida ofrecer unha mostra dos resultados deste traballo desenvolvido. Deste xeito, aproveitamos para animarvos a que escribades á coordinación da CdX para organizar as mostras que se poidan levar a cabo e mesmo buscar outra localización axeitada.
- **Lilografía**: unha proposta baseada na fotografía dixital na cidade de Lugo que tería como resultado un produto fotográfico a expoñer na semana do 25N e posteriores.
- **Mural "Nin unha máis, nin unha menos #nonvosesquecemos"**, nunha das paredes do hall secundario no que se levará reconto das mulleres asasinadas neste ano, co seu nome.
- **Cinefórum (27 de novembro): Proxección do filme "As Neves"** na FFP ás 17:30h, rodado na Fonsagrada, cunha mesa redonda na que participan unha alumna da Facultade e actriz de reparto do filme, un docente da USC especialista en socioloxía de xénero, e a delegada do Reitor para a igualdade.

No mes de novembro informouse a través do Campus Virtual sobre a quinta edición dos **Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres**, proporcionando unha ligazón á convocatoria.

No mes de xaneiro informouse sobre a campaña desenvolvida desde a Facultade, en colaboración co CEIP ANEXA para a compra de materiais educativos para enviar á Asociación de AMPAS de Paiporta, co lema "Unha persoa, un euro".

No mes de marzo enviouse información sobre as actividades que se realizarían en conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, que foron as seguintes:

- **Elaboración de cartel propio do 8M** (véxase adxunto) elaborado pola CdX. Xa está visible en distintos puntos da Facultade.
- **Lectura do Manifesto na entrada principal da Facultade** (10 de marzo, ás 12 h.). Pregamos que o profesorado e o alumnado se una a nós nestes minutos de reivindicación.
- **Charla - Coloquio: "O 8M no cinema"** (adxúntase cartel da actividade de elaboración propia con licenza CC). o 10 de marzo, ás 17.30 h. no Salón de Actos da Facultade.
- **Selección de fondos bibliográficos sobre a temática** polo persoal da Biblioteca da FFP e exposición virtual e física en vitrinas no centro (ao longo de todo o mes de marzo)
- **Difusión de actividades e recursos a través da conta da Comisión de Xénero en RRSS** (ao longo de todo o mes de marzo).

Así mesmo, o centro colaborou coa Facultade de Humanidades nunha actividade vencellada con esta conmemoración na que se convidou ás responsables da Librería Lila de Lilith (Santiago de Compostela) a contar a súa experiencia. Dese xeito, o 17 de marzo tivo lugar na Facultade de Humanidades a charla "Páxinas rebeldes: o poder das librarías feministas e a voz das mulleres".

Enviouse asimesmo información ao alumnado sobre a mostra "[8 Mulleres galegas que moveron os marcos](#)", que presenta oito personalidades galegas, de nacemento ou adopción, que foron pioneiras dalgún xeito naqueles eidos nos que desenvolveron a súa actividade. Esta mostra estivo exposta dende o 22 de maio na entrada da Facultade.

2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)

No mes de novembro do curso 2024-2025 contactouse coa Área de Orientación Laboral para confirmar a realización das xornadas formativas, e dende a Área responderon que estaba prevista unha xornada formativa para o mes de marzo ou abril de 2025, en días lectivos. No curso anterior enviárase á Área de Orientación Laboral un escrito indicando que o noso alumnado pode ter dificultades para asistir se se fai en días lectivos, nun espazo alonxado da nosa facultade, e con actividades presenciais, e dende a Área de Orientación Laboral argumentaron que se decidiu facer as xornadas en días lectivos para aumentar a asistencia, e incluír actividades presenciais porque así llo solicitou algún alumnado e profesorado.

O 23 de abril de 2025 a Área de Orientación Laboral enviou comunicación ás coordinacións de título sobre a celebración a **días 29 e 30 de abril**, das "**Xornadas de Orientación Profesional no Campus de Lugo**", organizadas pola Área de Orientación Laboral e Emprego da USC. O obxectivo desta iniciativa é **preparar o estudiantado dos últimos cursos e os titulados recentes para a súa incorporación ao mundo laboral**. As sesións desenvóléronse de forma **presencial na facultade**

de ADE, e as temáticas tratadas foron a ferramenta LinkedIn para a busca de emprego, oportunidades de prácticas, estratexias para potenciar competencias profesionais e prácticas para entrevistas.

A mensaxe foi reenviada ao alumnado dos últimos cursos dos graos a través das coordinacións de curso, e ao alumnado egresado a través da listaxe de distribución.

Asimesmo, a través das aulas de coordinación dos últimos cursos dos graos enviouse información ao alumnado sobre a celebración dunha nova edición da **Feira Virtual de Emprego da USC** os días **6 e 7 de maio (desde as 08:00 h do martes 6 de maio ata as 20:00 h do mércores 7 de maio)**. Trátase dunha iniciativa promovida pola **Área de Orientación Laboral da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura** que ten como obxectivo conectar o estudantado e persoas tituladas da USC co tecido empresarial, ofrecendo acceso a **ofertas laborais activas, charlas sobre empregabilidade e espazos de interacción directa** con empresas e entidades participantes. O alumnado pode así coñecer de primeira man aspectos clave do acceso ao emprego, contactar con profesionais dos recursos humanos e coñecer os perfís máis demandados polas empresas.

Malia que a participación neste tipo de actividades adoita ser baixa, tendo en conta as características das xornadas e o momento do curso no que se fan (no caso das xornadas de orientación, antes o alumnado adoitaba estar preparando exames e defensas de TFG, e agora faise en horario lectivo), é conveniente seguir publicitando este tipo de iniciativas e facelas extensivas ao alumnado de todos os cursos, xa que contribúen á súa orientación polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo.

2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓNS (ÚLTIMOS CURSOS DAS TITULACIÓNS)

Continuando coa actividade realizada no curso 20-21 en resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do Dobre Grao, fixéronse novamente as xestións oportunas a través do Decanato da Facultade para organizar unha xornada informativa sobre as oposicións, destinada especialmente ao alumnado dos últimos cursos de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Dese xeito, no mes de decembro de 2024, o alumnado do último curso dos Graos e o Dobre Grao foi informado por medio do foro de novas da celebración, o día 16 de decembro en horario de mañá, da celebración das **II Xornadas "Falando de ensino coas organizacións sindicais"**, nas que catro organizacións sindicais (UXT, CSIF, CCOO e STEG) tratarían diversos aspectos sobre a función docente e o acceso a ela (é dicir, as oposicións), recoñecendo a asistencia cunha certificación emitida pola Facultade. Entre as cuestións desenvolvidas atopábase o tema do acceso ao ensino privado/concertado, ao público, a normativa, temarios, o propio proceso de oposición, a formación e os méritos vinculados a ela, as listas de agarda, etc. As xornadas tiveron que ser canceladas por mor do escaso número de alumnado matriculado, e decidiuse adialas para o segundo semestre, abrindo a participación ao alumnado de terceiro curso. Finalmente, non foi posible levar a cabo a actividade por problemas de axenda.

Malia que neste curso non se deron as condicións apropiadas para o desenvolvemento da actividade, este tipo de sesións informativas considérase unha iniciativa de interese para o futuro profesional do alumnado, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

LIÑA 3: ACTIVIDADES

3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)

Primeiro de Infantil

Neste curso desenvolvéronse ao longo do ano académico varios proxectos de aprendizaxe-servizo, actividades con profesionais externos e actividades de campo, detalladas a continuación:

Data: 9 de setembro de 2024 - 20 de decembro de 2024
Tipo de actividade: Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo
Título: Proxecto Interdisciplinario ASerES Lugo: Aprendizaxe-Servizo con Entidades Socioeducativas para a formación de futur@s maestr@s
Breve descrición: Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión a través de experiencias de participación social. <i>Valoración da actividade:</i> Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva.
Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 25 de setembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade transversal
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título: Situación educativa do alumnado xitano
Breve descrición: O 24 de novembro tivo lugar a actividade formativa titulada "Situación educativa do alumnado xitano", que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario. <i>Valoración da actividade:</i> A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva.
Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 28 de outubro de 2024
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título: Educación 0 a 3 anos: a miña experiencia como educadora infantil
Breve descrición: O 28 de outubro acudiu á Facultade Pomba Cerneira, educadora nunha escola infantil da cidade de Lugo, para compartir a súa experiencia e rachar con mitos e estereotipos sobre o primeiro ciclo de educación infantil. <i>Valoración da actividade:</i> A sesión foi acollida con satisfacción por parte do alumnado.
Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 11 de novembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título: Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar
Breve descrición: O 11 de novembro tiveron lugar, no salón de actos, dúas sesións formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo e, na segunda, abordouse a temática do acoso escolar, a convivencia, etc. <i>Valoración da actividade:</i> Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.
Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 25 de novembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título: Nenea, medrar creando. Educando en los bosques de Lugo
Breve descrición: Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes: - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa. - Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo. <i>Valoración da actividade:</i> A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva.
Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 27 de novembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Marta Poncet Souto
Título: Que profesora son? Respostas para suscitar a reflexión entre o alumnado de maxisterio en proceso de formación
Breve descrición: O 27 de novembro acudiu á Facultade Ana Joge, directora dun instituto da provincia de Lugo, para compartir co alumnado a súa experiencia como docente e directora dun centro. <i>Valoración da actividade:</i> A sesión foi acollida con satisfacción por parte do alumnado.
Materia vinculada: Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 3 de decembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade de campo
Responsable: Luzia Oca González
Título: Aula aberta
Breve descrición: O martes 3 de decembro, o grupo de alumnado do 1º curso do Grao de Educación Infantil, realizou unha visita didáctica á Exposición "Coidados na Diáspora. Unha autoetnografía fotográfica das mulleres caboverdianas en España", que se encontra na Sala de Exposicións da Deputación. Esta aula aberta, organizada pola profesora Luzia Oca, unha das comisarias da exposición, enmárcase nas actividades da materia "Infancia, familia e escola". A visita realizouse no horario de aulas dos 3 grupos interactivos en que se divide a docencia. A actividade consistiu nunha visita guiada e a preparación dun traballo de grupo a partir do exercicio proporcionado pola docente, en torno á realidade dos nenos e nenas das comunidades de orixe caboverdiana en tres localidades españolas, unha delas Burela. <i>Valoración da actividade:</i> Moi satisfactoria
Materia vinculada: Infancia, familia e escola

Data: 9 de decembro de 2024
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título: Os contos que contamos e como os contamos
Breve descrición: O 9 de decembro de 2024, David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "Os contos que contamos e como os contamos". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes: - Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I. - Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.

- Que o futuro profesorado coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.

Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.

Materia vinculada: Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)

Data: 31 de xaneiro de 2025 - 30 de xuño de 2025

Tipo de actividade: Proxecto de Aprendizaxe-Servizo

Responsable: Carlos Dosil Díaz

Título: La innovación tecnológica en el ámbito de la neuro-psicología para identificar estados de ansiedad y depresión en docentes.

Breve descripción:

Se necesitan pruebas rápidas y objetivas que detecten posibles problemas emocionales en los docentes, para ello vamos a tratar de integrar la inteligencia artificial en el desarrollo de un instrumento para hacer que el diagnóstico sea más rápido y fiable.

Materia vinculada: Psicología do Desenvolvemento 3-6 anos

Data: 10 de febreiro de 2025 - 12 de maio de 2025

Tipo de actividade: Proxecto de Aprendizaxe-Servizo

Responsable: María Fiuza Asorey

Título: Traballando a inclusión coa ONCE

Breve descripción:

O alumnado recibe unha formación centrada no deseño e elaboración de materiais e ferramentas docentes dirixidos á formación integral e inclusiva de todos os nenos e nenas de Educación Infantil, cun enfoque lúdico-educativo e pesando no seu desenvolvemento integral. Dita formación inclúe unha inmersión na aprendizaxe do código braille e o traballo coas máquinas Perkins.

Valoración da actividade: Nestes momentos a actividade está a se iniciar, polo que non se pode facer unha valoración da mesma. Con todo, espérase que, como en cursos anteriores, estea moi ben considerada tanto polo alumnado, que valora a formación recibida como importante para o seu futuro profesional, como pola ONCE, que como destinataria dos materiais elaborados polo alumnado valora a súa utilidade e calidade.

Materia vinculada: Psicología da Educación (G3141107)

Data: 10 de febreiro de 2025 - 31 de maio de 2025
Tipo de actividade: Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable: Pablo César Muñoz Carril
Título: Infancia Dixital: Explorando a Robótica e o Pensamento Computacional
Breve descrición: A robótica permite abordar cos cativos ámbitos como a lectoescritura, as emocións, a educación física, a música, a cultura, os xogos, a programación, o pensamento computacional..., demostrando a súa capacidade de adaptación nas aulas de educación infantil e a influencia positiva nos procesos de ensino-aprendizaxe dos infantes; permitindo a aprendizaxe de conceptos STEAM así como contidos educativos establecidos pola lexislación (Real Decreto 95/2022). O desenvolvemento desta experiencia ApS tivo como obxectivo a creación de situacións de aprendizaxe innovadoras onde os estudantes de Grao deben enfrontarse ao desafío de realizar un servizo aos centros educativos colaboradores mediante a construción, deseño, creación e aplicación de materiais educativos en forma de "tapices", enfocados para o seu uso curricular con nenos e nenas da etapa infantil mediante robots "code & go". a) Finalidade e obxectivos: • Analizar o papel que desempeña a robótica educativa como recurso para a adquisición de diversas competencias no eido da educación infantil. • Experimentar con diversos "kits" o uso, posibilidades e características dos robots educativos "Code & Go". • Deseñar e crear materiais didácticos e educativos en forma de "tapices" que poidan resultar de utilidade para o profesorado e alumnado de educación infantil, co propósito de ser empregados nunha situación real mediante o uso de robots "Code & Go". • Aplicar cos nenos e nenas de infantil algunha situación de aprendizaxe mediante os tapices creados e o uso dos robots. b) Fases e Proxecto: - FASE 1. Fase de instrucción. Explicación teórica acerca da robótica e do pensamento computacional. Incorporación de exemplos e aportación de fontes de información relevantes con materiais e vídeos demostrativos de uso de tapices con robots na etapa de infantil. - FASE 2. Fase de experimentación cos kits de robots "Code & Go" Tras as sesións teóricas e a análise da documentación sobre robótica educativa, os estudantes crearán grupos entre 4 e 5 persoas. A cada grupo se lle dará un kit de robótica. Deberán realizar a súa montaxe, experimentar e habituarse ao uso e características dos robots. -FASE 3. Deseño e elaboración de tapices educativos. Cada grupo de traballo, de xeito colaborativo, terá que construír o seu propio tapiz educativo mediante módulos de cartón pluma coas dimensións axeitadas. Todo o proceso deberá documentarse (fotos, vídeos, infografías...) nun PORTAFOLIO dixital. -FASE 4. Aplicación e entrega dos mellores tapices educativos aos centros.

O alumnado participante e aqueles grupos (que voluntariamente o desexen) aplicarán nunha situación real os seus materiais, interactuando cos nenos/as de infantil dos centros colaboradores. Asimesmo, farase entrega dos mellores tapices ao profesorado para o seu uso didáctico.

c) Avaliación: Empregarase a rúbrica: <https://goo.su/vEMO> e unha escala de observación para os alumnos/as que apliquen nos centros as propostas creadas. Tamén se aplicará unha enquisa final de avaliación do ApS para coñecer o nivel de satisfacción: <https://forms.office.com/e/8JtE8w9p05>.

d)Centros colaboradores:CEIP ANEXA.

Valoración da actividade: A actividade remata a finais de maio, mais ata o de agora o nivel de implicación e motivación do alumnado está resultando elevado según as observacións de aula realizada polo profesorado implicado.

Materia vinculada: Procesos de mellora e uso das TIC (FFP e FCE)

Segundo de Infantil

No segundo curso de Educación infantil desenvóléronse dúas actividades: un proxecto de Aprendizaxe-Servizo e unha charla con profesional externo:

Data (inicio-fin-duración): 13 setembro 2024 – 20 decembro 2024
Tipo de actividade: Aprendizaxe-Servizo
Responsable: Santiago López Gómez
Título da actividade: ComunicaTea
Materia vinculada: G3131110. Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do desenvolvemento
Breve descrición: Entender os SAAC é central para entender a realidade da discapacidade comunicativa, como eixo vertebrador presente en moitos trastornos e dificultades na infancia. De ahí, a importancia de aproximar ao alumnado á creación de materiais para a aula, ofrecendo oportunidades para aplicar as aprendizaxes a situacións da vida real. O obxectivo desta experiencia pretende: Desenvolver co alumnado diferentes ferramentas para o desenvolvemento da comunicación do alumnado con TEA. Este obxectivo traballase a partir de 3 obxectivos específicos: - Profundizar no coñecemento do TEA e da súa sintomatoloxía. - Iniciar ao alumnado nas ferramentas (SAAC) para o desenvolvemento da comunicación. - Elaborar un SAAC adaptado ao alumnado con TEA.
Valoración da actividade (utilidade, datos de participación de alumnado, eficacia): O resultado está sendo moi positivo. Así temén o valora o alumnado. Inscribíronse voluntariamente máis de 50 alumnos e elaboraron en grupo 16 SAACs.

Data (inicio-fin-duración): 16 maio 2025 . Duración: 1 hora e media
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Ricardo Fandiño Pascual
Título da actividade : As aulas hospitalarias. Algo máis que educación
Materia vinculada: G3131206. Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais.
Breve descrición: Intervención da Mestra responsable da Aula Hospitalaria do HULA, co obxectivo de coñecer a realidade da práctica profesional nas aulas hospitalarias. A actividade consistiu nunha charla maxistral con apoio de material gráfico e un diálogo co alumnado. Contidos: Regulación das aulas hospitalarias. Funcións do mestre nas aulas hospitalaria. Perfiles de alumnado que acuden ás aulas hospitalarias. Metodoloxía de intervención nas aulas hospitalarias.
Valoración da actividade (utilidade, datos de participación de alumnado, eficacia): O resultado foi moi satisfactorio, destacando a alta participación do alumnado, que amosou interese e fiso intervencións consultando dúbidas á profesional docente.

Terceiro de Infantil

No terceiro curso de Educación Infantil non se rexistraron actividades.

Cuarto de Infantil

En cuarto curso de Educación Infantil consta o desenvolvemento da seguinte saída de campo:

Data de inicio da actividade: 13 de setembro de 2024
Data de finalización da actividade: 13 de setembro de 2024
Duración da Actividade: 5 horas
Tipo de actividade: Actividade de campo
Responsable: Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade: Saída de campo de inicio de semestre
Breve Descrición: Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que imos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio.

O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade.

Valoración:

É unha das actividades máis valoradas polo alumnado, e cumpre obxectivos previstos polo profesor para a materia.

Primeiro de Primaria:

No primeiro curso de Educación Primaria realizáronse diferentes actividades con profesionais externos e desenvolveuse un proxecto interdisciplinario de Aprendizaxe-Servizo. Asemade, organizouse unha exposición de pósters vencellada a unha das materias do curso:

Data de inicio da actividade: 22 de novembro de 2024
Data de finalización da actividade: 22 de novembro de 2024
Duración da actividade: 90 minutos con cada un dos grupos expositivos
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade: Silueteando. Historias por contar da vida dun mestre lucense republicano: Arximiro Rico Trabada (1905-1937)
Materia/s vinculada/s: Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición: Acción pedagóxica orientada á recuperación da memoria do insigne mestre, natural do Concello de Baleira, Arximiro Rico Trabada, salvaxemente asasinado en 1937 por “ensinar a ler a un pobo”. Déronse a coñecer as claves da súa vida e do seu tempo e seguidamente realizouse unha intervención plástica e literaria, da que dá conta un mural que quedou instalado na aula 22. Contouse coa participación de Xavier Fernández Rodríguez (profesor do CSM da Coruña e doutorando da UdC no programa “Innovación e Equidade na Educación”) e de Lorena Paz Abelleira (artista plástica e bibliotecaria da USC).
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado,eficacia...): Valoración positiva, habida conta da asistencia e implicación do alumnado e da verbalización dasatisfacción por ter participado, tanto por parte dos docentes como do estudantado. Entendeuse que a actividade foi eficaz para o obxectivo que se buscaba: a recuperación e posta en valor da memoria histórica, neste caso do maxisterio lucense, a través dunha das súas figuras máis senlleiras.

Entre o 9 e o 20 de decembro desenvolveuse a **actividade “Proxecto Interdisciplinario ASerES Lugo: Aprendizaxe-Servizo con Entidades Socioeducativas para a formación de futur@s maestr@s”** vencellada ás materias Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101). A actividade detállase no apartado dedicado ás actividades de primeiro curso de Educación Infantil, xa que se desenvolveu nos dous Graos.

Data de inicio da actividade: 23 de outubro de 2024
Data de finalización da actividade: 23 de outubro de 2024
Duración da actividade: 90 minutos
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo
Nome da actividade: Transformando a aula con ABP
Materia/s vinculada/s: Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición: O 23 de outubro acudiu á Facultade Iván Rodríguez, mestre nun centro educativo da cidade de Lugo, co seu alumnado co obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as están a realizar.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva.

O 25 de setembro desenvolveuse a **actividade formativa titulada "Situación educativa do alumnado xitano"**, vencellada ás materias Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101), xa detallada no apartado de actividades do primeiro curso de Ed. Infantil, ao tratarse dunha actividade común aos dous Graos. Do mesmo xeito, o 13 de novembro, e vencellada ás mesmas materias, tiveron lugar as **sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar** tamén realizadas o 11 de novembro co alumnado do primeiro curso de Ed. Infantil.

Data de inicio da actividade: 27 de novembro de 2024
Data de finalización da actividade: 27 de novembro de 2024
Duración da actividade: 90 min
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable: Marta Poncet Souto
Nome da actividade: Que profesora son? Respostas para suscitar a reflexión entre o alumnado de maxisterio en proceso de formación
Materia/s vinculada/s: Socioloxía da Educación (G3131101)
Breve descrición: O 27 de novembro acudiu á Facultade Ana Joge, directora dun instituto da provincia de Lugo, para compatir co alumnado a súa experiencia como docente e directora dun centro.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...): A sesión foi acollida con satisfacción por parte do alumnado

Data de inicio da actividade: 10 de febreiro de 2025
Data de finalización da actividade: 12 de marzo de 2025
Duración da actividade: Un mes
Tipo de actividade: Outras
Responsable: Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade: Exposición "Educación en feminino: un paseo pola historia"
Materia/s vinculada/s: Teoría e Historia da Educación Escolar

Breve descrición:

O alumnado da materia elabora durante o primeiro semestre esta colección de pósters de educadoras importantes da historia, que se expón na Facultade a inicios do segundo semestre, e a posteriori vai a outros centros educativos.

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):

Participa todo o alumnado da materia de nova matrícula. Forma parte da actividade ordinaria da materia. A valoración é positiva.

Segundo de Primaria

No segundo curso de Educación Primaria rexistrouse a realización da actividade de campo interdisciplinaria “Camiñando xuntxs 2025”:

Data de inicio da actividade: 8 de abril de 2025
Data de finalización da actividade: 8 de abril de 2025
Duración da Actividade: 09:00-19:00
Tipo de actividade: Actividade de campo
Responsable(s): Jorge Gómez Crespo, Dolores Rodríguez Vivero, Cristina Lois Prados e Pablo González Sequeiros ; María José Romero Castro e Virginia Aznar Cuadrado; Jorge Conde Miguélez e Xosé Ramón Veiga Alonso
Nome da actividade: Camiñando xuntxs 2025
Materia/s vinculadas: Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética (G3151121), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I (G3151226), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I (G3151228)
Breve Descrición: Realízase un tramo do Camiño Francés (Barbadelo–Portomarín) coa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Prepárase e abórdase o percorrido dende unha óptica matemática e interprétanse lugares distinguidos en clave socio-científica.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. A actividade prográmase como obrigatoria, polo que participa practicamente o 100% do alumnado. A experiencia en anos anteriores amosa que o alumnado percibe a actividade de interese, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Nas conclusións dalgúns traballos académicos relacionados coa análise e deseño de propostas docentes que se encargan nas materias de Didácticas Aplicadas é recorrente a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto.

Terceiro de Primaria

No terceiro curso de educación primaria rexistráronse varias saídas de campo e actividades con profesionais externos:

Data de inicio da actividade: 30 de setembro de 2024
Data de finalización da actividade: 2 de outubro de 2024
Duración da actividade: 1 sesión (90 min.) cada grupo
Tipo de actividade: Actividade de campo
Responsable/s: Virginia Aznar Cuadrado
Nome da actividade: Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)
Materia/s vinculadas e código/s: (G3151322) Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
Breve descrición: Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe. Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

Data de inicio da actividade: 23 de setembro de 2024
Data de finalización da actividade: 23 de setembro de 2024
Duración da actividade: Todo a xornada (9:00-18:30 h.)
Tipo de actividade: Actividade de campo e Actividade con profesionais externos
Responsable/s: Tania Riveiro Rodríguez e Virginia Aznar Cuadrado
Nome da actividade: Visita a ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas
Materia/s vinculadas e código/s: G3151321 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II e G3151322 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
Breve descrición: Trátase dunha actividade interdisciplinaria, centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a

integración de distintos elementos da paisaxe para dende á cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con este obxectivo, traballárase ás singulares paisaxes das foxas herdadas da barbarie institucionalizada co golpe de 1936 e a Guerra Civil, o que permitirá ao alumnado pasar do coñecemento e valoración do espazo ao das prácticas no laboratorio, nos que se traballa, dende diferentes disciplinas no tratamento dos corpos de persoas “desaparecidas”. Nesta práctica o racional e o emocional configuran un todo configurando un potente e necesario instrumento didáctico.

Debido ás posibilidades do entorno onde se desenvolve esta primeira práctica, nunha segunda sesión abórdase unha práctica centrada na evolución da paisaxe, mediante un itinerario percorrido a pe, tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica, debendo detectar en contacto co medio os elementos que indican os cambios na paisaxe a distintas escalas temporais, analizados dende as ciencias naturais, a xeografía física e a historia. Con estas actividades, enfocadas ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria.

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):

Á saída acudiu case a práctica totalidade do alumnado matriculado, mostra do interese por participar en experiencias didácticas que rompan as rutinas cotiás da aula. Levouse a cabo segundo o programado.

A valoración posterior feita polo alumnado foi moi positiva. Oralmente, na aula, sinalaron aqueles aspectos que lles chamaron máis a atención e reflexionaron en torno ás dúas partes da visita. En relación á ARMH, puxeron o foco no valor de acceder a contidos "pouco visibilizados nas aulas", vencellados á memoria e o pasado, pero fortemente unidos ao presente. Nesa liña, moitos estudantes expresaron o seu desexo de, no momento de exercer coma docentes, levar ese tipo de contidos á aula, como unha forma de achegar, desde a emoción, temáticas socialmente relevantes a alumnado de primaria. En relación á visita ás Médulas, fixeron fincapé no excepcional do espazo, descoñecido para moitas delas, e a interese de traballar in situ aspectos relacionados coa natureza e a evolución dun espazo ao longo dos séculos.

Á finalización da materia o alumnado deberá entregar unha reflexión crítica sobre a mesma onde explique, máis de vagar, que aspectos do visto lles pareceron interesantes, que valor didáctico teñen a futuro, así coma na súa formación coma mestres e mestras.

Data de inicio da actividade: 2 de abril de 2025
Data de finalización da actividade: 2 de abril de 2025
Duración da actividade: 2 horas
Tipo de actividade: Outras actividades (especificar no campo "breve descrición")
Responsable/s: Alba Díaz Geda
Nome da actividade: Faíscas Culturais - A Escola na Domus
Materia/s vinculadas e código/s: Historia, Patrimonio e Educación en Galicia G3151451

Breve Descrición:

Participación no programa Faíscas Culturais, organizado pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela. A participación no programa incluiu para o estudantado a realización dunha visita, guiada polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao, á Domus do Mitreo. A visita tivo lugar o 2 de abril de 2025 de 17.00h a 19.00h. Previamente á visita, traballouse co estudantado da materia a contextualización da Domus no Lugo da romanización, así como o achegamento aos recursos didácticos da Domus do Mitreo para docentes e estudantado de Educación Primaria.

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):

A actividade foi valorada moi positivamente polo estudantado, tanto pola calidade da aprendizaxe realizada durante a visita co arqueólogo Celso Rodríguez Cao, que destacou polo seu compromiso na investigación e difusión do coñecemento histórico, como polas posibilidades educativas que ofrece a Domus do Mitreo.

Data de inicio da actividade: 29 de abril de 2025
Data de finalización da actividade: 29 de abril de 2025
Duración da Actividade: 1.5 horas
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos
Responsable/s: JoDee Anderson McGuire
Nome da actividade: Songs & Games for Primary ELT
Materia/s vinculadas e código/s: Inglés: Comprensión e expresión oral
Breve Descrición: Anna Merkel, mestra de primaria, impartiu unha charla incorporando varios xogos e diferentes cancións que se empregan no ensino de inglés en primaria. Ofreceu o seu opinión sobre algúns aspectos teóricos traballados previamente e contestou varias dúbidas do alumnado asistente nesta sesión práctica e interactiva.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): Gustou moito, aínda que, tamén lles gustaría ter desenvolvida esta actividade en máis dun día xa que viron moito material nesta única sesión.

Cuarto de Primaria

No cuarto curso de educación primaria levouse a cabo unha saída de campo:

Actividade de campo vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais”, realizada o 13 de setembro de 2024. A actividade detállase na sección dedicada a cuarto curso de Infantil, ao tratarse dunha materia común aos dous Graos.

Todos os cursos das titulacións

Na Facultade desenvolvéronse durante o curso 2024-2025 outros eventos transversais de interese para a formación do alumnado. Cómpre destacar os seguintes:

- **XORNADAS UNITIC**

O luns 18 de novembro celebráronse na Facultade as *I Xornadas UniTIC: As TIC na universidade: uso ou abuso polo estudiantado?*, ás que acudiu especialmente alumnado do 1º curso de Ed. Infantil, pero abertas a todo o alumnado e profesorado da Facultade. As Xornadas UniTIC teñen como obxectivo reflexionar sobre o impacto das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) na vida académica dos estudantes universitarios. A través de conferencias, mesas redondas e obradoiros, abordáronse temas como o equilibrio entre o uso educativo e o abuso das tecnoloxías, o desenvolvemento de competencias dixitais e o impacto no rendemento académico. Este espazo busca fomentar o debate e ofrecer ferramentas para un uso responsable e consciente das TIC no eido universitario. Participaron na actividade 104 estudantes e 10 ponentes. Máis información na web: <https://grupomestura.net/unitic/>

- **XORNADAS ACOSO SEXUAL E ACOSO POR RAZÓN DE XÉNERO**

O día 20 de novembro celebráronse así mesmo as Xornadas *Acoso sexual e acoso por razón de xénero, orientación sexual e identidade de xénero en contornas online e offline na Universidade*, de 10 a 18:30h. Trátase dunha actividade de transferencia organizada a través da convocatoria de axudas 2024 financiadas pola Deputación Provincial de Lugo, que contou con dúas mesas redondas e un taller. Contou especialmente coa participación do alumnado do primeiro curso de Ed. Primaria, malia que a actividade publicitouse a todo o alumnado e profesorado interesado.

Figura 1. Cartel informativo das Xornadas

20 de NOVIEMBRE
Facultade de Formación do Profesorado
[Salón de Actos]
Campus Terra · Lugo

XORNADAS

**Acoso sexual e acoso por razón de
xénero, orientación sexual e identidade
de xénero en contornas online e offline
na Universidade**

PROGRAMA:

10 - 10.30 h. - INAUGURACIÓN

10.30 h. - 11.45 h. - MESA REDONDA:
**Coñecendo a raíz: comprensión e definicións do acoso
desde un enfoque integral.** *M. Carmen Sarceda, Eva M.
Barreiro Cerqueiras, Raquel Marín Fernández.*
Coordina: Milena Villar Varela

12.15 h. - 13.30 h. - MESA REDONDA:
**Acoso en contornas online e offline: radiografía dun
problema invisibilizado.** *Mª del Mar Sanjuán Roca,
Milena Villar Varela, Mari Carmen Caldeiro Pedreira.*
Coordina: Eva M. Barreiro Cerqueiras

16 h. - 18 h. - TALLERES VIVENCIAIS. *Amara García Dacosta*
+ Rompendo o silencio
+ Feridas Invisibles

18 h. - 18.30 h. - PECHÉ DAS XORNADAS



ORGANIZA

COLABORAN

USC

USC + XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

- **SEMINARIOS E CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR PROFESORADO INVITADO NO PROGRAMA ERASMUS+**

Durante este curso académico celebráronse **seminarios e conferencias impartidas por docentes invitados dentro do programa de mobilidade Erasmus+**. Dese xeito, durante o curso 24-25, a Profª Eda Dönmez, pertencente ao Departamento de Desenvolvemento Infantil da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade Bilecik Şeyh Edebali_(Bicelik, Turquía), realizou unha estada na Facultade ao abeiro deste programa. A estada tivo lugar do 15 de setembro ao 24 de novembro, e as tarefas desenvolvidas relaciónanse co grupo de investigación INDEIN en Calidade de Vida, Avaliación e Atención a Persoas con Alteracións do Desenvolvemento. A Profª Dönmez

levou a cabo tarefas docentes co alumnado das materias “Psicoloxía da Educación” (1º curso do Grao de Ed. Primaria) e “Psicoloxía do Desenvolvemento (0 a 3 anos)” (1º curso do Grao de Ed. Infantil).

Do mesmo xeito, e ao abeiro do programa Erasmus+ para países extracomunitarios, Erasmus+ KA171, recibíuse a visita da Profª Ana Gigauri, da universidade Telavi State de Georgia, que impartiu sesións no MPES e no Grao de Infantil sobre ensino da lingua estranxeira.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da Liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan no seu conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

LIÑA 4: ACTIVIDADES

4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual mediante as aulas de coordinación dos cursos implicados, e diversos docentes cederon uns minutos das súas sesións para que a Directora da Biblioteca fixese unha presentación dos mesmos nas aulas. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (do 14 de outubro ao 14 de novembro de 2024), e neste caso contou con datos de matrícula e de aptos superiores aos do curso anterior:

Táboa 1. Comparativa de matrícula e aptos no curso básico de competencias informacionais nos cursos 23-24 e 24-25

	MATRÍCULA 23-24	APTOS 23-24	MATRÍCULA 24-25	APTOS 24-25
INFANTIL	45	36	80	71
PRIMARIA	75	62	66	63
DOBRE GRAO	16	16	16	16
TOTAIS	136	114	162	150

O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (do 28 de outubro ao 28 de novembro de 2024) pero, do mesmo xeito que no curso anterior, cunha cifra xeral máis baixa de matriculados que no curso básico, malia que en conxunto aumentaron as cifras de matriculados e aptos con respecto ao curso 23-24:

Táboa 2. Comparativa de matrícula e aptos no curso avanzado de competencias informacionais nos cursos 23-24 e 24-25

	MATRÍCULA 23-24	APTOS 23-24	MATRÍCULA 24-25	APTOS 24-25
INFANTIL	20	12	39	19
PRIMARIA	18	4	18	9
DOBRE GRAO	16	9	8	1
TOTAIS	54	25	65	29

Para fomentar a participación do alumnado, no curso 2024-2025 organizáronse segundas edicións dos dous cursos, que se desenvolveron no segundo semestre. Dese xeito, a segunda quenda do curso básico tivo lugar entre o 20 de xaneiro e o 11 de febreiro de 2025, e nela matriculáronse 2 estudantes do Grao de Infantil, 7 do Grao de Primaria e 1 do Dobre Grao, en total 10 estudantes, resultando 8 deles aptos (1 do Dobre Grao, 2 do Grao de Infantil e 5 do Grao de Primaria). A segunda quenda do curso avanzado desenvolveuse entre o 10 de marzo e o 11 de abril de 2025, e nela matriculáronse 2 estudantes, 1 do Dobre Grao e 1 do Grao de Infantil, resultando apto o estudante do Grao de Infantil.

Con respecto á diferenza nos datos de matrícula entre os cursos básico e avanzado, cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademais conta co asesoramento do profesorado tutor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística.

Tendo en conta a súa importancia para orientar e formar ao alumnado na realización de traballos académicos, e polo tanto para a súa formación en competencias transversais, propónse manter estas accións formativas.

4.2. PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinaria que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, contando no curso 24-25 con 89 materias participantes (93 no curso 23-24), 24 en Infantil, 26 en Primaria e 39 en Dobre Grao. A distribución de materias en función do perfil lingüístico foi a seguinte: 73 en galego (20+21+32; 82,0% do total de materias de CompetenteS; en 4 destas materias só hai participación parcial -faino unha das docentes da materia, pero non o resto-), 13 en castelán (3+4+6; 14,6% do total de materias de CompetenteS) e 3 mixtas galego-castelán (1+1+1; 3,4% do total de materias de CompetenteS). O número de docentes participantes foi de 34 (28 en galego, 5 en castelán e 1 mixta galego-castelán, que representan respectivamente 82,4%, 14,7% e 2,9% do total de docentes de CompetenteS).

Co fin de obter datos concretos sobre o desenvolvemento das competencias lingüísticas en galego e en castelán por parte do alumnado ao longo dos catro anos da súa formación na Facultade, durante os días 15 e 16 de maio do curso 22-23 puxéronse en marcha unha batería de probas en galego e castelán dirixidas ao alumnado dos últimos cursos dos Graos, que foron publicitadas mediante o foro de novas do Campus Virtual e para as cales se solicitou a colaboración do alumnado. Participou aproximadamente a metade do alumnado convocado, e os resultados das probas estanse a analizar.

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

Porén, na propia CNL valorouse tamén a continuidade do proxecto, e, tras decisión meditada e unha vez barallados diferentes argumentos, a comisión concluíu que, na situación actual, ten que priorizar outras actividades (ver sección seguinte), polo que o proxecto non continuará no vindeiro curso.

4.3. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CNL) DA FACULTADE (TODOS OS CURSOS)

A Comisión de Normalización Lingüística da facultade, en colaboración coa Comisión de Xénero) organizou no curso 2024-25, o 6 de novembro, a actividade "**Obradoiro de Regueifas · A regueifa como recurso educativo** lingüístico". A regueifa é un **xénero de improvisación** (con certas similitudes ao rap) que se leva a cabo en **lingua galega**. Este obradoiro, ademais, pretende

poñerse en marcha cunha perspectiva de xénero e educativa. A actividade anunciouse mediante mensaxes enviadas desde as coordinacións de título.

Do mesmo xeito, no mes de febreiro anunciouse a posta en marcha da actividade "**Obradoiro de literatura infantil: o conto oral como ferramenta didáctica**", que a CNL do centro organiza grazas a unha axuda concedida polo SNL da USC. A actividade, dirixida por unha docente da Facultade, desenvolveuse o 24 de febreiro, e estivo dirixida a todo o alumnado do centro e ao público interesado en xeral, tendo como obxectivo poñer de relevo o valor didáctico que a narración oral pode ter para a infancia.

Estas actividades considéranse unha iniciativa de interese, na medida en que fornecen competencias centrais e tamén transversais dos títulos, especialmente de carácter lingüístico, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

4.4. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO /TODOS OS CURSOS)

Ao inicio dos dous semestres do curso, o Servizo de Normalización Lingüística abre a convocatoria desta actividade formativa que está estruturada en tres módulos, os cales abordan a redacción científica, falar en público e como desenvolver presentacións dixitais eficientes (a primeira convocatoria desenvólvese no primeiro semestre, nos meses de setembro a novembro, e a segunda entre febreiro e abril).

Os módulos poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e recoñécese con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións. No curso 2024-25 as coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos desta iniciativa, dado o interese destes módulos para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos, especialmente no seu derradeiro curso.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

4.5. CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUAS: CLM E OUTROS

Ao inicio do curso 24-25, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual dos prazos para a inscrición nas probas oficiais para a obtención dos certificados Celga de lingua galega. Así mesmo, remitiuse información das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade.

4.6. OUTRAS ACTIVIDADES

No mes de setembro facilitouse ao alumnado dos Graos mediante as aulas virtuais de coordinación un documento con instrucións para facer un bo uso do correo electrónico institucional.

No mes de novembro trasladouse desde as aulas virtuais de coordinación a mensaxe da Comisión de Xénero da Facultade de Formación do Profesorado informando á comunidade educativa do centro da "Quinta edición dos Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres".

No mes de xullo informouse ao alumnado dos Graos mediante as aulas virtuais de coordinación da apertura da convocatoria dos **premios á Calidade Lingüística da USC**, dirixidos tanto a TFG como a traballos académicos das materias dos cursos elaborados en idioma galego.

Tendo en conta a utilidade das actividades desenvolvidas na Liña 4 para a formación transversal do alumnado, considérase oportuno continuar proporcionando información e publicitando este tipo de iniciativas.

3. SECCIÓN 2: MESTRADOS

Liñas de actuación:

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinaria e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

LIÑA 1: ACTIVIDADES

MPES e MDAEN: Xornadas de benvida

Ao comezo do curso 24-25 desenvóléronse nos dous Mestrados cadansúas xornadas de benvida para o alumnado. No caso do MPES, o xoves día 14 de setembro ás 16:00 horas tivo lugar, no salón de actos da Facultade o acto de inauguración do Mestrado, presidido pola Decana da Facultade, e no que participou cunha charla magistral o profesor Xoan Carlos Rodríguez García, Xefe de Estudos, Coordinador “Erasmus+” e Coordinador STEMBach no IES LUCUS AGUSTI . Ademais, enviouse mediante o foro de novas unha presentación con información sobre o mestrado na aula virtual: <https://view.genially.com/66a88772b6be63f76bb7c5f2/presentation-benvida1mastersec>

A presentación incluía unha breve enquisa sobre a xornada de benvida, que o alumnado valorou en xeral de xeito positivo, outorgando 3,64 puntos sobre 4 aos contidos, 3,71 á duración da sesión, 3,64 á estrutura da sesión, 3,64 á satisfacción xeral coa xornada e 3,64 á utilidade da presentación virtual.

No MDAEN, a acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día, nun acto oficial no que se presenta o centro e as súas instalacións, así como os obxectivos do Mestrado e a tipoloxía de actividades que se van desenvolver. Nunha segunda parte un ou varios profesores ou profesoras do Mestrado imparte unha conferencia. Esta sesión no curso 2024-25 tivo lugar o luns 16 de setembro de 2024. Nese acto de presentación tivo lugar unha conferencia a cargo dos docentes Vicente Blanco Mosquera e Salvador Cidras Robles, titulada “O bruto delicado. Unha mirada á natureza a través da arte”. Neste mestrado, a enquisa sobre a xornada de benvida

foi valorada en xeral tamén de xeito positivo, con 3,11 puntos sobre 4 aos contidos, 3,33 á duración, 3,39 á estrutura, 3,44 á satisfacción xeral, e 3,22 á presentación virtual.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

Ao longo do curso publicitáronse as seguintes actividades:

MPES

- **Orientación Laboral: II Xornadas "Falando de ensino coas organizacións sindicais"**

Do mesmo xeito que nos Graos, no mes de decembro enviouse información ao alumnado do Mestrado sobre a celebración das **II Xornadas "Falando de ensino coas organizacións sindicais"**, nas que catro organizacións sindicais (UGT, CSIF, CCOO e STEG) tratarían diversos aspectos sobre a **función docente** e o **acceso** a ela (é dicir, as **oposicións**). As xornadas tiveron que ser canceladas por mor do escaso número de alumnado matriculado.

- **Xornadas "El@n": Modernización do ensino-aprendizaxe do FLE e o EFL**

A través da aula virtual de coordinación, o alumnado foi informado no mes de outubro da celebración das **Xornadas "El@n": Modernización do ensino-aprendizaxe do FLE e o EFL** na Facultade de humanidades, orientado principalmente ao alumnado do mestrado da especialidade de linguas:

https://cv.usc.es/pluginfile.php/2501225/mod_forum/post/490543/Xornadas%20El%40n_Convocatoria_Programa_%20%281%29.pdf

- **Convocatoria Erasmus+ Prácticas**

Tamén foi anunciada no mes de outubro a convocatoria **Erasmus+ Prácticas**, un programa de mobilidade aberto ao alumnado dos mestrados, así como o "Obradoiro de Regueifas" xa detallado nas actividades dos Graos.

- **Xornada: "Desafíos para os programas formativos duales nun mundo dixital"**

No mes de novembro anunciouse a celebración da xornada "Desafíos para os programas formativos duales nun mundo dixital" na FFP:

https://cv.usc.es/pluginfile.php/2501225/mod_forum/post/496246/Xornadas%20Formaci%C3%B3n%20Dual%20%281%29.pdf

- **Premios Valedora do Pobo**

Asimesmo, informouse da Quinta edición dos Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.

- **Curso sobre Perspectiva de Xénero**

No mes de abril, anunciouse ao alumnado a celebración dun curso titulado **Microcredencial Universitaria en Perspectiva de Xénero na Docencia: Ferramentas e Estratexias para a Coeducación no Ensino Secundario**, cunha carga de traballo en ECTS de 1,5 créditos.

MDAEN

- **Premio de Investigación en Altas Capacidades ASAC Galicia 2025**

No mes de marzo remitiuse información ao alumnado sobre o Premio de Investigación en Altas Capacidades ASAC Galicia 2025 dirixido a alumnado que está realizando o seu TFG/TFM neste tema. Asimesmo, informouse sobre unha convocatoria da USC para unha bolsa de prácticas extracurriculares dirixida ao alumnado do Máster DAEN ([Retorna ao Rural con Campus Terra](#)):

MPES e MDAEN

- **Obradoiro de Percusión Tradicional**

Finalmente, do mesmo xeito que nos Graos, informouse nos dous Mestrados da celebración, os martes 23 e 30 de abril (de 10 h. a 12 h.) e os luns 6 e 13 de maio (de 16 h. a 18 h.), do **OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL** na FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, impartido por Ana Belén Fernández García (máis información na sección 2.1 dos Graos).

LIÑA 3: ACTIVIDADES

MPES

- **Actividade con profesional externo: Preparación do Prácticum I**

Como parte das actividades de preparación do Prácticum I, contouse coa presenza do profesor Marcos Pérez Fernnandez, Xefe do departamento de Informática do IES Pazo da Mercé, As Neves (Pontevedra), que participou nunha charla impartida a través da plataforma Microsoft Teams.

MPES

- **Seminarios sobre Ensino da Lingua Estranxeira**

Ao abeiro do programa Erasmus+ para países extracomunitarios, Erasmus+ KA171, recibíuse a visita da Profª Ana Gigauri, da universidade Telavi State de Georgia, que impartiu sesións no MPES sobre ensino da lingua estranxeira.

MDAEN

- **Actividades con profesionais externos**

No curso 24-25 impartíronse dúas charlas/conferencias con profesionais externos: o 21 de febreiro a cargo de Paula García Méndez (A Fonsagrada) e o 6 de marzo a cargo de Laura García Docampo (Nuevos enfoques en la educación en la naturaleza).

MDAEN

- **Saídas formativas (prácticas de campo)**

No MDAEN desenvolvéronse as seguintes prácticas de campo:

Táboa 3. MDAEN: Prácticas de campo 24-25

Materia	Saída
Equipamentos e Organización de Actividades	• Barbanza (Pobra do Caramiñal-Ribeira) • Morrazo (Factoría Massó-Costa da Vela) • Ferrolterra (Ferrol, Ares)
Dirección de Grupos e Resolución de Conflitos	• Fonsagrada • Ribeira Sacra
Historia Ambiental	• Colonización Terra cha (concellos de Castro de Rei e Cospeito)
Natureza como medio educador	• Camiño das ínsuas do Miño (Rábade-Cospeito) • Melide-Palas de Rei • Cervantes (Os Ancares) • Río Rato (Lugo)-sen transporte
Ecosistema e biodiversidade Coñecemento xeográfico do medio natural Natureza, paisaxe e arquitectura rural	• Parque Natural de Corrubedo • Mazo de Santa Comba (Lugo) • Lagoa de Cospeito • O Cebreiro-Cervantes
Recursos para actividades motrices para persoas con diversidade funcional	• Terras do Mandeo (Betanzos-Coirós) • Ruta del ecologico (Lugo) - sen transporte • Lugo desde outros ollos – sen transporte
Arte e Natureza	• Caborrecelle (Portomarin) • Pazo de Tovar (Lourenza) sen transporte
Música e Natureza	• Ruta da Auga (Guitiriz)

LIÑA 4: ACTIVIDADES

MPES e MDAEN

Curso de competencias en información

O curso avanzado de competencias en información ofrecido nos Graos foi tamén ofertado no MPES. Porén, unicamente se matriculou un estudante do mestrado, na segunda quenda (do 10 de marzo ao 11 de abril), resultando apto. Os baixos datos de participación son posiblemente atribuíbles á duración do curso é ás incompatibilidades cos horarios do mestrado, que inclúe nese período prácticas nos centros de ensino.

No caso do MDAEN, propúxose tamén dende a Biblioteca da Facultade a posibilidade de ofertar o curso avanzado no mes de marzo, pero non se puido levar á práctica pola imposibilidade de cadrar os horarios do alumnado. Asimesmo, o carácter práctico das materias do mestrado tamén dificulta a cesión de horas para a realización desta actividade formativa. Cómpre reflectir sobre esa situación e considerar, de ser o caso, alternativas para ofertar este tipo de formación ao alumnado dos mestrados.

MPES e MDAEN

Premios á calidade lingüística

Do mesmo xeito que nos Graos, nos dous Mestrados informouse ao alumnado no mes de xullo da convocatoria de **premios á calidade lingüística da USC**, posto que tamén se aplica a TFM elaborados en galego.

No caso dos Mestrados, e de xeito xeral, considérase que as iniciativas desenvolvidas nas diferentes liñas son adecuadas para a formación do alumnado, polo que se recomenda continuar e, de ser posible, incrementar este tipo de actividades.

O presente informe, elaborado polos responsables académicos dos títulos cos datos aportados por membros das súas respectivas Comisións de Título, e coa colaboración da Responsable de Calidade da Facultade, será obxecto de análise por parte da Comisión de Calidade, que revisará e valorará a eficacia do Plan e concretará, de habelas, as accións de mellora pertinentes, as cales figurarán no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2024-2025. Para a proposta de accións deberanse ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso *PS-05 Xestión de incidencias (SQR)*, os resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións (verificación, seguimento, modificación, acreditación) que teñan que ver con este eido.

Lugo, 15 de xullo de 2025




Alba María Souto Seijo
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Infantil



María Campos Magdaleno
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Primaria



Leticia López Castro
Coordinadora do Título de Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza



Carlos Dosil Díaz
Coordinador do Título de Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas



Paula López Rúa
Responsable de Calidade do Centro